REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRMIÁ

Non para xulgar, senón para liberar

ANO XXXIII • Nº 903 - Do 23 de xuño ao 6 de xullo de 2014

Fútbol é fútbol



A foto que fala



O valor da democracia. Varios homes afgáns ensinan as amputacións sufridas por teren votado nas eleccións presidenciais.

O trasno Nada persoal

Daniel López Muñoz



Interesa avanzar. Nos principios e nas prácticas boas e transparentes. Interesa que as cousas se saiban, que se discutan.

Interesa que a xente teña certeza de que non hai privilexios, de que o primeiro é sermos xustamente recompensados polo esforzo e, despois, se nos cómpre, solidariamente compensados pola solidariedade colectiva que chamamos Estado social.

Interesa que a xente teña claro que o Estado social somos todos, e que os que manexan os seus recursos son só os seus administradores provisorios, porque a cousa pública non é o seu patrimonio persoal, nin poden dispoñer da facenda de todos como se fose a súa finca particular.

Interesa, claro, que a xente viva sen a sensación de que aínda hai castas. De que hai intocables, …intocables pola xustiza, pola inspección tributaria, polos xornais, pola policía. E interesa que miremos para arriba e teñamos unha sensación de orgullo e exemplaridade.

Interesa que as institucións teñan lexitimidade democrática, que se perciban como o resultado dun querer popular, dunha elección feita por todos e todas. E que ninguén está nunca, nunca, por riba da vontade popular.

Interesa que non haxa mal exemplo de luxo innecesario, de existencias presidas polo antollo, de privilexios que se dan por naturais, de servidumes e xente aparvada de tanto aplaudir o dispendio. E non interesa logo que os que presiden as institucións sexan personaxes das revistas do corazón, "xente guapa", compartidores de festas e festiñas coa elite clasista de afortunados ociosos. Porque do que se come, críase.

Interesa, e moito, camiñar no horizonte do desexable, do que debera ser, diso que chaman a utopía necesaria coma o pan de cada día, e que nos recorda *que os xefes dan nacións as dominan e oprimen, pero que non debera ser así, senón máis ben doutro xeito, e que o que queira ser o primeiro, sexa o servidor de todos*.

E interesa que o Estado sexa respectuoso e neutral, porque a sociedade é plural e multicolor.

E porque todo isto interesa, queremos que se fale abertamente e que nalgún momento se nos pregunte se nos interesa unha monarquía borbónica ou unha república cívica e popular. Ou quizais a Froilán I, que ten as súas aspiracións dinásticas. O que sexa, pero de abaixo arriba.

Non é nada persoal, Felipe, non é nada persoal.

Editorial Fútbol é fútbol

Esa frase célebre de Vujadin Boskov, resume o que cada quen queira que resuma. É algo así como aquela outra de Iglesias Corral: "aquí pasou o que pasou", disque para explicar o movemento insólito do daquela conselleiro Barreiro Rivas, cando encabezou un movemento que solicitaba a dimisión do seu presidente Fernández Albor.

Pois efectivamente, por unha parte o fútbol é o que é, o que debería ser. Un deporte de once contra once. O máis simple do universo, o que se xoga nas favelas e no deserto do Kalahari, o que fai medrar aos seus practicantes en visión de conxunto, sentido de equipo, da anticipación, do imprescindible equilibrio entre forza e intelixencia.

Por iso, porque é simple e xenial, é instrumentalizable. Utilízao o poder, como nova relixión. Utilízao o nacionalismo estatalista para crear unha imaxe virtual de patria única, esa que non se dá creado por outros medios. Utilízase como "modelo de educación e conduta" (eses novos "chicos modelo"), cando, francamente, debería ser simplemente un bonito complemento dunha educación algo máis sólida, con outros modelos menos glamourosos e máis baratos de manter.

o fútbol é tan contraditorio como a mesma realidade

E instrumentalízao o mercado. Convérteo nunha maquinaria frívola e ferinte de ingresos e gastos, de débedas imposibles, de primas insultantes. E, todo mesturado co anterior, pasa a ser un paraíso de fraude fiscal, de mal exemplo para a cidadanía,... todo coa benevolencia dun poder político que non lle mete man a esa fraude "para non ferir a sensibilidade do espectador"… e do votante.

Pero, ademais, fútbol é fútbol. Un xogo que é quen de igualar, por uns instantes, os africanos e os franceses, que destapa a falsa omnipotencia dos ricos, que deixa en mal lugar os individualistas e enaltece aos sacrificados, que fai visibles os invisibles, que descoloca aos patrioteristas.

Pois iso, que o fútbol é tan contraditorio como a mesma realidade e, de cando en vez, volve ser o que nunca debeu deixar de ser. E para quen goza del, con sentido crítico, pode volver ser simplemente fútbol. Como confesa Galeano: "Non son máis ca un mendigo de bo fútbol. Vou polo mundo sombreiro en man: unha linda xogadiña, polo amor de Deus… e cando o bo fútbol acontece, agradezo o milagre, sen que me importe un nabo que club ou que país mo ofrece".

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Supoño que coñeces "o legado do Tibu". Se non o coñeces, cóntoche por riba en que consiste. Un mozo ou moza nomea a tres amigos retándoos a que en 48 horas deben mergullarse en auga fría ou pagar unha mariscada a quen o nomeou. Este mergullo hai que gravalo e colgalo nas redes sociais e, a súa vez, nomear outras tres persoas.

Paréceme unha simpática parvada. Un xeito de pasar un bo bocadiño de tempo e brincar coas túas amizades. Hai incluso versións solidarias nas cales, se non te mollas, tes que lle dar cartos a unha ONG ou unha colaboración a un banco de alimentos.

Sen dúbida, a vida sen este tipo de brincadeiras sería moi aburrida. Non se trata de volvernos insubstanciais. Trátase de ser persoas con sentido do humor. Hai moitos anos léralle a José Luis Cortés que Deus é humor. Rir é algo esencial do ser humano e roubarnos a risa sería como roubarnos unha das esencias humanas.

Non me nomearon (nin gañas que teño), pero se o fixesen, tal vez nomease a toda a xente que vai ir á Romaxe. Quen vería aos de Aguiño empapados comendo as sardiñas e a Xabi Blanco organizando dende o palco como é o proceso de mollado. E Mini e Mero buscando unha canción acaída para ese momento? Con ou sen molladura, lembrade que nos vemos en Xanceda.

1



3



2



4



A peneira

1

No Ano da Agricultura Familiar, o "Día contra a SECA", o 17, cómpre denunciar a devastación das terras por parte das multinacionais que esgotan a auga para produciren alimentos dun xeito industrial. Mentres, a agroecoloxía que practica Isabel Villalba, utiliza racionalmente os recursos naturais sen arriscar o futuro do planeta.

2

Ás 5:30 do venres 18, convidámosvos a erguer un chanto labrado polo canteiro escultor Marcos Ladra nado no muíño da Madalena. É o 9º hectómetro literario, dedicado a Xosé CHAO REGO, no Paseo dos Soños, no curso do Rañego, en Vilalba. Convidamos así a mergullármonos no seu pensamento e na súa agra literaria.

3


Nas eleccións ás confrarías lembramos que en 5 anos, a PESCA perdeu 60 empregos por mes. Só na Mariña son 1800, e cada un xera 6 traballos máis en terra. Tamén 200 na acuicultura, na que gaña o rodaballo e as troitas que xa se consomen máis cás pescadas.

4


As herbas de SAN XOÁN testemuñan o valor das plantas medicinais coma as que produce Milhulloa de Palas; tamén a cooperativa de Ribeira do Navia que promociona a agroecoloxía ou restauración con criterios de bioconstrución, grazas aos aforros con fins sociais da banca ética coma o Peto.



5



7



6



8

Alfonso Blanco Torrado

5

O 29, os amigos de MONCHO VALCARCE, celebran a súa memoria nas Pontes, concentrada nun busto do artista local César Dapena, que dita ao alumnado do centro onde ensinou: "Crego galego (1935-1993. Iluminách esnos coa tua humanidade e dignidade".

6

No DÍA DO SOl, o día máis longo do ano (15 horas), celebramos como nos alumea dende hai máis de cinco mil millóns de anos, e cada ano agasallanos con 4000 veces máis enerxía ca a que está consumindo toda a terra.

7

A XUSTIZA ignora os dereitos da lingua. Só se ditan do 3 ao 5% das sentenzas na nosa fala. É a administración pública máis reacia, culpando da súa desidia aos programas informáticos. Na foto, a xuíza Dalila Dopazo agasallada co Premio Lois Peña Novo, líder das Irmandades da Fala, pola súa aposta polo galego.

8

O 28, a Festa da REPÚBLICA Galega, na estación vella de Ordes, vai ser un berro contra a imposición dun réxime que non recoñece os dereitos dos pobos e dos cidadáns, dende unha transición que soterrou as liberdades das vítimas do golpe de estado do 36, destruíndo a verdade e a historia.

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Política Contra o tribalismo

Pedro Pedrouzo Devesa



Seguimos nunha sociedade tribal. Buscamos refuxio no grupo cercano. A tribo defende a súa esencia, e agrúpase en intereses comúns. A tribo ten unha incapacidade total para cuestionarse. A dúbida esmorécea e faina fráxil ao adversario, de aí que sexan tan mal acollidas as críticas.

Hai dúas forzas políticas que nos dous últimos anos xurdiron con especial forza: AGE e Podemos. Un dos grandes retos que terán esas dúas forzas políticas será a xestión da diversidade. Existe un enorme consenso social sobre as políticas económicas que non queremos, pero ese consenso fragméntase cando hai que dar o paso da economía crítica á economía alternativa.

Tradicionalmente os partidos veñen comportándose como tribos políticas, organismos con nula capacidade para abrírense á sociedade e moito menos para autocuestionarse. Determinados sectores da Igrexa funcionan tamén coma tribos relixiosas querendo fundamentarse no *credo* máis que no *comprendo*.

Por iso, nun momento no que a sociedade quere buscar de novo de forma maioritaria solucións de esquerdas teremos que reflexionar sobre os erros e os acertos da esquerda no século máis ideolóxico da historia da humanidade: o século XX.

A esquerda errou cando pretendeu planificar centralmente o benestar da poboación. Concentrar o poder é sinónimo de tiranía. Cada ideoloxía ten os seus pecados xenéticos: o da esquerda é pensar que ten respostas para todos os males, que sabe o que hai que facer. Discursos como os de "non damos chegado a xente" ou "non non soubemos comunicar", son sinónimo de arrogancia política e xordeira social. Moitas veces, non é que a xente non saiba o que lles podemos dar, senón que non sabemos o que a xente quere. A xordeira está da nosa banda.

A dialéctica público/privado é a esencia da política. Distinguir e atinar coa forma na que se debe prover de bens e servizos ás persoas é o cerne ideolóxico dunha sociedade. A reflexión debe ser continua. Hai mercados como o eléctrico no que se está demostrando que as privatizacións de certos mercados regulados non achega ningún beneficio social. Un mercado sen competencia non serve. O mercado eléctrico non é un mercado, por iso non debera terse privatizado.

Porén, se o futuro da literatura galega dependese dos departamentos de publicacións das administracións públicas, a morte literaria do galego sería xa un feito. Son as editoriais privadas as que diariamente conseguen agromar e cultivar un idioma que o público demanda, de forma minoritaria pero continua. O sector privado ten demostrado unha enorme superioridade editorial e intelectual fronte ao público. Sempre se pode dicir que quen goberna e decide qué se publica non é o acaído, pero esa afirmación perde forza nun país que cada catro anos pode decidir quen goberna. Por certo, cada vez que entramos, ou deixamos de entrar, nunha librería decidimos que se edita e que non.

A renovación política no noso país ten que vir da convicción de que debemos ser libres para decidir que queremos (liberdade), darnos a todos as mesmas posibilidades para acadalo (igualdade) e respectar o que decide a maioría (democracia)

O peto común Entrevista ao papa

Josecho de la Torre



A primeira entrevista feita ao papa Francisco por unha televisión española non defraudou. Foron moitos os temas tratados, con respostas alentadoras para unha sociedade que agonía baixo un sistema represor. Con todo, o balbordo nos medios quedou na pregunta sobre o problema catalán –entre "pinzas"- e non noutros tan urxentes coma o da pobreza, os mártires cristiáns, o sometemento ao diñeiro ou o maltrato ás persoas. Acaso non son temas suficientemente importantes para titular a primeira entrevista a este papa? Os datos de Cáritas e doutros colectivos desbordados pola pobreza e as necesidades básicas que estamos vivindo converxen coa declaración de Francisco: o sistema económico mundial non é bo, subliñando a exclusión dos mozos/as e os anciáns/ás. Non achades que é algo vital?

Logo, escoito a compañeiros/as e amigos/as falar da entrevista. Entre eles, xente que non é moi crente e xente que non amosa fervor sobre o novo pontífice. As cifras falan de que 2,2 millóns de persoas viron o programa. Sorpréndeme escoitar valoracións tan positivas da entrevista a un papa; escoitar iso de que "este papa enténdese" sen apoiarse nunha cuestión idiomática; ou que "di cousas que nunca antes se lle escoitaran a un papa". Chegar á xente –aínda desde a afastada Roma– é inaugurar un novo camiño de fe polo que andarmos os fillos desta Igrexa que nos últimos tempos vivimos continuos vaivéns. Moita xente pregúntase se esta nova percepción que lle chega do pastor da Igrexa ten a dose necesaria de credibilidade para que regresen os que abandonaron, ou para que outros comecen; se é algo permanente ou efémero; se tanta palabra e xesto serán transformacións reais ou ficarán só en xestos.


Sabe Deus máis ca ninguén.



Entrevista

Boa vida inclusión activa. Conversa con Pepa Vázquez

Contra a crise autoxestión





Pepa Vázquez, abaixo segunda pola esquerda, con outros membros de Boa vida

Pepa Vázquez é unha traballadora social cunha dilatada experiencia laboral que leva os últimos 10 anos dedicados á orientación social e laboral. Conversamos con ela para que nos presente a asociación Boa Vida Inclusión Activa da que é vogal e na que participa como voluntaria.

Quen sodes a Asociación Boa Vida?

Somos un grupo de persoas que funcionamos de modo asembleario, composto por entre 10 e 15 persoas, que se reúnen para levar a vida mellor (opinar, acompañar, aprender, axudar, reivindicar, "ser referente") coa idea de darmos participación e esperanza a todas as persoas que queiran formar parte do grupo. Apoiámonos no grupo de autoaxuda e relacionámonos con outras asociación, con fins similares. Somos membros da EAPN _Galicia (rede galega de loita contra a pobreza).

Mulleres e homes de Pontevedra. Desempregadas coma ti, enfermos coma ti, nais de familia coma ti, xitanos coma ti, extoxicómanos coma ti, pais de familia coma ti, familias coidadoras coma ti.... persoas normais e correntes, anónimas coma ti.

Boa Vida naceu pola necesidade de ter un apoio moral

Que fai a Asociación?

A base do noso traballo é a formación-acción participativa, con dúas áreas principais, a oficina de Dereitos e Deberes Sociais, que abre o 2º e 4º xoves de cada mes, e o Proxecto Camiño a Emaús, que se dedica á recollida e recuperación de roupa e calzado, co fin de xerar ingresos. Partindo do coñecemento de que o traballo dignifica, queremos crear o noso centro de traballo autosuficiente. Boa Vida colabora cos Trapeiros de Emaús Navarra. Esta asociación basea a súa actividade na recollida, selección e aproveitamento dos residuos para a súa posterior reutilización ou reciclaxe. A súa aposta baséase en reducir o consumo, reutilizar e reciclar materiais coma aluminio, cobre, plásticos, ferro, papel, téxtil ou materia orgánica.

Boa Vida desexa colaborar con eles durante este ano na recollida de 13 toneladas de téxtil en Pontevedra, para a súa posterior reutilización. Con isto, ademais de conseguir os ditos fondos, participaríamos da man na mellora e conservación do medio natural.

Outra actividade que estamos realizando é a de agricultura ecolóxica; temos en aluguer uns terreos da Igre-

xa de Lérez para o cultivo e coidado das plantas.

Un dos nosos proxectos tamén é o de poder ter unha vivenda comunitaria, coa filosofía trapeira, coas norma de respecto e liberdade de acción e palabra.

Como traballa o equipo da Asociación?

A entrada na Asociación e no equipo comeza coa achegada, despois nas reunións e participando pouco a pouco, de modo que o grao de implicación vai cambiando.

Organizamos roldas para estar no local, xa que abrimos todas as mañás de 10 a 12 e os xoves de tarde. Realizamos reparto de publicidade e chamadas telefónicas para a difusión da Asociación, participamos na recollida e selección da roupa. Tamén nos formamos e poñemos en práctica esa formación. Todo isto é posible grazas ao financiamento de Emaús e as colaboracións, así coma ao préstamo de locais de outras asociacións.

Temos unha lista de 40 persoas colaboradoras, e en mente incorporar persoas traballadoras que queiran colaborar como voluntariado da Asociación nas actividades de recollida e selección de roupa, na separación en roupa para reutilización e posterior venta, ou para realizar trapo para empresas navais e do sector téxtil. Na difusión, sensibilización e na entrega de información, ou para atender a Oficina de Dereitos e Deberes sociais.



Boa Vida recolle roupa en desuso para reutilizar e reciclar

Como xorde a Asociación?

Xorde dun grupo de persoas que non ía volver ao mercado laboral "tradicional", xente que xa pasara por procesos formativos, e que decide compartir saberes e crear saberes novos, comezouse a traballar elaborando unha lista de temas que cada persoa traballaba e expoñía, e así xerouse a dinámica de encontro, de atoparse, de compartir e de continuar.

Xorde como necesidade de ter un apoio moral, e de sermos conscientes de que as causas da situación de pobreza non son culpa nosa. De non sabernos soas, e sentírmonos acompañadas.

Cal é a filosofía que guía a Asociación?

A nosa filosofía basease na solidariedade, na axuda e no traballo en equipo. Apoiámonos no lema *Eu non me rindo*. Queremos dar constancia de que todos xuntos podemos facernos máis visibles na sociedade.

"Fronte a calquera sufrimento humano, dedícate non só a solucionalo no acto, senón tamén a loitar contra as causas que o producen." Abbé Pierre

Esta frase de Pierre define moi ben a filosofía que nos move. E partindo dela, levamos a cabo actividades como os micropréstamos con fondos da Asociación, ou a realización de compras semanais a compañeiros e compañeiras que o precisan neste momento, este sería o exemplo da axuda inmediata, pero como o que realmente nos interesa é a solución a longo prazo, o acceso a un traballo e a un soldo digno, loitamos cara lograr

Se loitamos podemos perder; senón, estamos perdidos

eses obxectivos. E no proceso de sensibilización da cidadanía realizamos diversas charlas.

Cal considerades que é o voso punto máis forte coma equipo?

Que somos persoas que vimos da situación de pobreza, un grupo aberto capaz de escoitarse e apoiarse mutuamente. O que nos une é o afán de crearmos algo xuntos/as.

Como iniciativa de autoxestión, que aprendestes nestes inicios da andaina?

Estamos nos inicios, levamos dous anos e medio, e o que aprendemos é que ou imos xuntas ou non imos. Se estamos soas e illadas non é posible.

Ás Furtadelas O pavor dos super-ricos

Leonardo Boff



A desigualdade non é accidental senón o trazo característico do capitalismo

Está a causar furor entre os economistas e lectores de asuntos económicos, e principalmente pánico entre os moi ricos, un libro de 976 páxinas escrito en 2013 que se converteu nun verdadeiro best-seller. Trátase dunha obra de investigación dun dos máis novos (43 anos) e brillantes economistas franceses, Thomas Piketty, que abrangue un período de 250 anos. O libro titúlase *Le capital au XXIe siècle* (Seuil, Paris 2013).

A democracia ten como presuposto básico a igualdade de dereitos dos cidadáns e o combate aos privilexios

Aborda fundamentalmente a relación de desigualdade social producida por herdanzas, ingresos e principalmente polo proceso de acumulación capitalista, tendo como material de análise particularmente a Europa e Estados Unidos.

A tese de base que sostén é: a desigualdade non é accidental senón o trazo característico do capitalismo. Se a desigualdade persiste e aumenta, a orde democrática estará fortemente ameazada. Desde 1960, a participación dos electores en Estados Unidos diminuíu do 64% (1960) a pouco máis do 50% (1996), aínda que aumentase ultimamente. Tal feito deixa ver que é unha democracia máis formal ca real.

Esta tese, sostida sempre polos mellores analistas sociais e repetida moitas veces polo autor destas liñas, confírmase: democracia e capitalismo non conviven. E se aquela se instaura dentro da orde capitalista, asume formas distorsionadas e mesmo trazos de farsa. Onde entra, establece inmediatamente relacións de desigualdade o cal, no dialecto da ética, significa relacións de explotación e de inxustiza. A democracia ten como presuposto básico a igualdade de dereitos dos cidadáns e o combate os privilexios. Cando a igualdade é ferida, ábrese espazo ao conflito de clases, á creación de elites, á subordinación de grupos enteiros, á corrupción, fenómenos visibles nas nosas democracias de baixísima intensidade.

Capitalismo, sinónimo de desigualdade

Piketty ve a Estados Unidos e Gran Bretaña, onde o capitalismo triunfa, os países máis desiguais, o que é confirmado tamén por un dos maiores especialistas en desigualdade, Richard Wilkinson. En Estados Unidos os executivos gañan 331 veces máis ca un traballador medio. Eric Hobsbawn, nunha das súas últimas intervencións antes da súa morte, di claramente que a economía política occidental

do neoliberalismo "subordinou deliberadamente o benestar e a xustiza social á tiranía do PIB, ao maior crecemento económico posible, deliberadamente desigualitario".

En termos globais, citemos o valente documento de Oxfam Intermón enviado aos opulentos empresarios e banqueiros reunidos en Davos en xaneiro deste ano como conclusión do seu informe "Gobernar para as elites, secuestro democrático e desigualdade económica": 85 ricos teñen o mesmo diñeiro que 3.570 millóns de pobres do mundo.

O discurso ideolóxico lanzado por eses plutócratas é que tal riqueza é froito de activos, de herdanzas e da meritocracia; as fortunas son conquistas merecidas como recompensa polos bos servizos prestados. Oféndense cando son sinalados como o 1% de ricos fronte ao 99% dos demais cidadáns, pois imaxinan ser os grandes xeradores de emprego.

A onde van os nosos cartos?

Os premios Nobel J. Stiglitz e P. Krugman mostraron que o diñeiro que recibiron dos gobernos para salvar os seus bancos e empresas non foron empregados para a xeración de emprego. Entraron na roda financeira mundial que rende sempre moito máis sen necesidade de traballar. E aínda hai 21 billóns de dólares de 91 mil persoas nos paraísos fiscais.

Como vai ser posible establecer relacións mínimas de equidade, de participación, de cooperación e de democracia real cando se revelan estas excrecencias humanas que se fan xordas aos berros que soben da Terra e cegas aos sufrimentos de millóns de co-semellantes?

Volvamos á situación de desigualdade en Brasil . Oriéntanos o noso mellor especialista nesta área, Márcio Pochmann (véxase tamén *Atlas da exclusão social - os ricos no Brasil*, Cortez, 2004): vinte mil familias viven da colocación das súas riquezas nos circuítos financeiros, polo tanto gañan a través da especulación. Continúa Poschmann: «o 10% máis rico da poboación impón, historicamente, a ditadura da concentración, pois alcanza a responder por case o 75% de toda a riqueza nacional. Mentres que o 90% máis pobre queda só co 25%» (*Le Monde Diplomatique*, outubro 2007).

Hai alternativas

Segundo datos de organismos económicos da ONU de 2005, Brasil era o oitavo país máis desigual do mundo. Pero grazas ás políticas sociais dos dous últimos gobernos, dígase honrosamente, o índice de Geni (que mide as desigualdades) pasou de 0,58 a 0,52. Noutras palabras, a desigualdade, que segue sendo enorme, baixou un 17%.

O obxectivo da economía non é a ganancia senón o benestar de toda a poboación



Piketty non ve un camiño máis curto para diminuír as desigualdades que a severa intervención do Estado e a aplicación de impostos progresivos sobre a riqueza até nun 80%, o que arrepía os super-ricos. Son sabias as palabras de Eric Hobsbawn: «O obxectivo da economía non é a ganancia senón o benestar de toda a poboación; o crecemento económico non é un fin en si mesmo, senón un medio para dar vida a sociedades boas, humanas e xustas».

E como gran final a frase de Robert F. Kennedy: «o PIB inclúe todo, menos o que fai que a vida valla a pena».

Actualidade

O SINAIA e o exilio republicano

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

O 13 de xuño de 1939, hai 75 anos, o barco SINAIA atracaba en Veracruz- México, con 1600 españois, deles trinta galegos. Logo de tres anos de conflito bélico, unha pequena parte dos retidos nos Campos franceses foron reclamados polo Goberno sempre xeneroso de Cárdenas.













A do Sinaia foi a primeira expedición colectiva de exiliados, á que seguiron pouco despois as do Ipanema e Mexique. As tres, a diferenza da do grupo de eminentes intelectuais que as precedera, non respondían a unha rigorosa selectividade intelectual e reflectían, na súa composición, a diversidade social, ideolóxica, política e profesional do pobo que fixera a guerra. Foi a chegada do Sinaia a Veracruz a que marca o comezo da longa marcha do exilio en México. Serían algúns máis dos mais de 22000 que chegarían en sucesivos barcos a México.

Miles de mulleres e homes bos e xenerosos, embarcaron, así, no Sinaia, no Mexique,...

Excluídos cara un espazo sen horizonte, a un tempo sen pasado. E tamén sen futuro.

Hai visións do mundo inclusivas: nelas é posible compartir, dende a diferenza, un horizonte común pleno de ideais, de proxectos, de ilusións, de identidades múltiples...

Foron recibidos por miles de mexicanos abertos para compartir, para integrar, para soñar.

A súa chegada a Veracruz, a multitude ateigaba o peirao ateigaba o peirao, moitos deles españois, coa presenza do Secretario de Gobernación Mexicano, Ignacio García Téllez. Estas foron as súas verbas de benvida:

«*Non vos recibimos coma náufragos da persecución ditatorial a quen misericordiosamente se lle bota unha táboa de salvación, senón como a defensores afoutos da democracia republicana e da soberanía territorial, que loitaron contra a maquinaria opresora ao servizo da conspiración totalitaria universal. O Goberno e o pobo de México recíbenvos como expoñentes da causa imperecedoira das liberdades do ser humano. As vosas nais, esposas e fillos, atoparán no noso chan un regazo cariñoso e hospitalario.*»


O 13 de xuño de 2014, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña quere lembrar o pasado e o presente: nos últimos 10 anos, 120.000 galegos foron excluídos dunha sociedade na que se lles nega o futuro. Asolagados no océano da indiferenza, víronse unha vez máis obrigados a embarcar cara un escenario sen referencias.

O noso taboleiro

Excomuñón de Marta Heizer, presidenta de *Somos Igrexa*

Redacción

O pasado 21 de maio a diocese austríaca de Insbruck fixo pública a excomuñón do matrimonio formado por Martha Heizer e o seu esposo, Gert. O bispo Manfred Scheuer xustificou esta medida en base a que esta parella celebraba a Eucaristía sen presbítero na súa residencia. Dáse a circunstancia que Martha Heizer é a actual presidenta de Somos Igrexa, un movemento internacional nado na propia Austria e que busca unha renovación da Igrexa.



Marta Heizer, presidenta de Somos Igrexa e o seu home Gert

A excomuñón ditada pola diocese de Insbruck pon claramente en cuestión a onda renovadora que a chegada de Francisco ao papado parecía traer á nosa Igrexa, ou cando menos, a súa aplicación práctica máis alá das declaracións e xestos que o Papa buscaba transmitir.

A excomuñón pública d preséntase coma un ataque frontal contra todas as cristiás que reclaman unha renovación na Igrexa

Feita pública a excomuñón, o voceiro do Vaticano, Francisco Lombardi, buscou subliñar a distancia entre a sentenza e a actuación da curia vaticana: asegurou que estabamos ante un proceso incoado e resolto na diocese austríaca e que o Vaticano non tivera unha participación activa no mesmo. Con todo, reafirmou o seu apoio na actuación do bispo austríaco.

Non é só que un tema como o da Eucaristía, unida á falta de presbíteros, necesitase unha análise máis sosegada e pública, sen ter que recorrer a medidas tan contudentes. A excomuñón pública da presidente do movemento *Somos Igrexa* preséntase coma un ataque frontal contra todas/os esas cristiás que reclaman unha renovación na Igrexa. Semella que unha renovación só é posíbel, sempre que sexa encauzada e promovida pola xerarquía da Igrexa.

Comunicado da Coordinadora de Crentes Galegas/os en soliariedade matrimonio Heizer de Insbruck (Austria)

O feito chama a atención polo anacrónico e polo seu afastamento da realidade: o bispo de Innsbruck (Austria) Manfred Scheuer, excomungou á señora Martha Heizer, presidenta do Movemento internacional Somos Igrexa", e ao seu esposo Gert, por celebrar a Eucaristía sen

O noso taboleiro

Excomuñón de Marta Heizer, presidenta de *Somos Igrexa*

Redacción

presbítero na residencia da parella. A celebración da Eucaristía en casas particulares remóntase ás primeiras comunidades cristiás, tal como aparece nas cartas do apóstolo Paulo e no libro dos Feitos dos Apóstolos. Esas celebracións comunitarias constituían as "igrexas domésticas", como a expresión máis sinxela e espontánea da fraternidade cristiá.

As primitivas celebracións domésticas, presididas con frecuencia pola nai de familia segundo o costume romano, foron cedendo terreo ante o pulo do clericalismo e do xuridicísmo romano ata asfixiar tódalas iniciativas comunitarias. A paralización chegou a ser tan absoluta que o papa Pío X escribía en 1906: "A Igrexa é unha sociedade desigual que inclúe a dúas categorías de persoas: os pastores e o rabaño. (...) Polo que se refire á multitude, non teñen outro dereito senón o de deixarse guiar e, como rabaño fiel, seguir aos seus pastores". A pesar dos avances do Concilio Vaticano II, os dirixentes eclesiásticos manteñen a súa inercia preguiceira ante os procesos históricos. En cambio, a progresiva maduración da sociedade civil foinos tamén axudando cara á madurez cristiá. As Comunidades Cristiás aspiramos a ser persoas adultas na fe, tomamos as nosas propias decisións e asumimos as nosas responsabilidades tamén no interior da nosa propia Igrexa. Así véno entendendo o matrimonio Heizer que celebra a eucaristía na súa comunidade doméstica sen que sexa necesaria a presenza que lexitime un presbítero con respaldo xerárquico.

O feito desta excomuñón pública resulta máis insólito porque de sobra coñecen os xerarcas eclesiásticos que hai moitos grupos cristiáns en moi diversos países onde se celebra a eucaristía sen presenza de presbíteros ou por falta de presbíteros en determinados territorios ou porque non se considera imprescindible a presenza desas persoas. En todo caso, descoñecemos se esta condena pública é só iniciativa dun bispo, se é que pretende servir de exemplaridade ou é presión cara ás instancias vaticanas para que tomen postura pública. As persoas pertencentes á Coordinadora de Crentes Galegas/os solidarizámonos co matrimonio Heizer e a súa comunidade, e co movemento Somos Igrexa" e tantas outras comunidades que entendemos que é "toda a comunidade" quen celebra e preside a celebración do recordo de Xesús; que é a comunidade o espazo onde Xesús se fai presente, e a diversidade e a repartición de carismas a nosa mellor riqueza. Gustaríanos neste ámbito, seguir acollendo os novos xestos de Francisco, tamén dentro da Igrexa como signo dun novo tempo que empeza a acontecer.

> A Coordinadora de Crentes Galegas/os solidaridarízase co matrimonio Heizer, a súa comunidade e co movemento Somos Igrexa

Pensamos que os dereitos non se conceden senón que se exercitan, conquístanse e deféndense, tanto na sociedade civil coma na propia comunidade cristiá. Por esta razón desexamos seguir dando pasos na autonomía persoal e comunitaria, afondando no verdadeiro compromiso que nos deixou como tarefa Xesús de Nazaré: a solidariedade interpersoal e a aspiración comprometida para construír unha sociedade menos inxusta, menos insolidaria e moito máis fraterna.

Coordinadora de Crentes Galegas/os

Xuño, de 2014.



EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscricións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml

Boa Nova



A CLAVE

Achegádevos a min

Os versículos que hoxe temos diante para comentar son unha composición do evanxelista a partir de tres ditos de Xesús que en principio circularon independentemente. A intención de Mateo é mostrar a resposta do mestre fronte as preguntas sobre o seu comportamento e os cuestionamentos que algúns estaban a facer sobre a súa mensaxe. Isto podía servirlle tamén a súa comunidade como orientación para a súa propia actitude fronte os seus adversarios.

O que se resalta nas palabras de Xesús e que o autentico modo de actuación non é o dos sabios e prudentes (escribas e fariseos), senón o dos pequenos. Nunha sociedade tan estratificada, como era a de Xesús, o importante era a honra e destacar entre os demais. Propoñer como destinatarios da mensaxe de Deus os que estaban abaixo resultaría dificilmente comprensible, sobre todo se quen estaba a comunicarse era a divinidade que ocupaba o lugar máis alto na sociedade.

O agradecemento do mestre a este modo de proceder de Deus, sorprendería aínda máis a moitos dos seus contemporáneos. Xesús xustifica a súa actitude utilizando un proverbio tradicional na que se resalta as relación entre pai e fillo. Para a cultura mediterránea do século I esta relación tiña gran importancia para a continuidade da familia e do pobo en xeral. O mestre quere así destacar de onde lle vén a súa autoridade para mostrar como el cumpre os desexos de Deus.

O final da perícopa sinala as consecuencias da súa proposta. El séntese enviado a proclamar que o xugo da lei israelita que moitas veces oprimía os pobres e pequenos da sociedade, non era o que Deus desexaba. Se había un xugo que levar ese era o do amor e misericordia de Deus.

Carme Soto

A PALABRA

DOMINGO 6 DE XULLO. XIV DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mt 11, 25-30

Naquel tempo, tomou Xesús a palabra e exclamou: "Eu bendígote, Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas aos sabios e aos prudentes e llelas revelaches aos pequenos. Así é, Pai, porque iso foi do teu agrado. Todas as cousas mas confiou meu Pai; e ninguén coñece ao Fillo agás o Pai, nin coñece ó Pai ninguén agás o Fillo, e aquel a quen o Fillo llo queira revelar. Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade co meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón, e atoparedes acougo para as vosas almas; porque o meu xugo é levadeiro e a miña carga liviá".

O ECO

Humildade, 7.640.000 resultados en google (*humildad*, outros 11.400.000 e *humility* aínda 21.900.000 resultados máis). Fálase, escríbese e ensálzase moito a humildade. Tanto é así, que o colmo da humildade sería ser *trending topic* en Twitter. A notoriedade a través dos medios de comunicación converteuse nun obxectivo en si mesmo. Xa non é importante o que fagamos, é que se saiba que o fixemos. Eses 15 minutos de fama que nos corresponderían a cada un na sociedade do consumo exemplifícase ben na proliferación dos programas da chamada "telerrealidade". O exercicio da política vive pendente desa vinculación cos medios de comunicación. O que importa é aparecer, aparentar, estar na boca de todos: o importante é que se fale, aínda que sexa mal.

A humildade é un camiño que esixe unha dose de coñecemento. Un pouco de silencio e dedicarse un tempo a se coñecer a un mesmo. Non sei se para isto fará falta unha boa conexión a internet.

J. A. Martínez

Falando da lingua Ás voltas, ás voltas...

Lidia e Valentina



Na nosa última cita estivemos a dar voltas arredor das vogais abertas e pechadas, propias do galego, e reflexionabamos sobre o feito de que se vai perdendo, abandonando a súa pronuncia, neutralizando. Na nosa lingua temos, ademais, outros dous sons que distinguen moi ben o galegofalante de quen non fala galego, ou o fala pero non de vello (é dicir, é neofalante). Trátase do son fricativo palatal xordo (escrito "x") e do "n" velar (o de unha). E estes sons teñen letras asociadas, por suposto.

A letra X pronúnciase con dous sons. O menos frecuente, e tamén menos problemático, é o /ks/ de "exame" ou "éxodo". O máis complicado é o que se pronuncia levando a lingua cara ao padal, é dicir, o son palatal oclusivo xordo de *xouba, xamón, Xunta*. (Abrimos paréntese para anotar unha curiosidade… Canto máis próximo un está desta última, enténdase da Xunta, parece que menos se pronuncia o son do que falamos. O motivo…, haberá varios, pero desde logo non pode ser só o da falta de formación que podían acusar os primeiros traballadores, é dicir, os que comezaron hai máis de 30 anos!)

Na televisión e na radio parece que se mellorou algo. A formación de xornalistas na terriña, nunha facultade onde hai aulas de galego obrigatorias, algo ten que notarse. Con todo, aínda ás veces escoitamos, ademais de "Sunta" por Xunta, "una" por "unha". É que outro dos nosos fonemas "complicados" para quen non é de aquí e non ten moi bo oído ou si o ten, pero carece de interese, é o N velar, o que pronunciamos alá onde empeza a gorxa. Ademais de térmolo naquelas palabras que escribimos con "nh" (o dígrafo que un portugués lerá como nós lemos o "ñ"): algunha, unha, ningunha, aparece nos –n de final de palabra: ben, tamén, non… Pero, ollo!, que esta pronuncia desaparece cando a continuación poñemos un pronome: *ben o sei, non o sei* (que dicimos "beno sei","nono sei" ou "tameno sei". Probastes a dicir en alto "non" e "non o sei"?? Notastes a diferenza do -n? Se tendes dificultades para conseguir a pronuncia adecuada, podémosvos dar un truco: forzades a pronuncia do "nh" ou do "-n" final como se levase pegado un "g", isto é, pronunciamos case como "nong" ou "unga", pero sen que chegue a saír para fóra o "g".

Gozade moito destes días de calorieña!!!

O Fachineiro do patrimonio

O castelo de Monterrei

Nos nos distinguimos por lle dar demasiado valor ao noso. Non hai máis que repasar os artigos sobre a situación na que se ve o convento de Herbón, publicados nos números anteriores e lidos con indignación por este fachineiro. Pois co castelo de Monterrei está a pasar algo parecido. Foi cedido polo goberno central á Xunta en 2009, de xeito gratuíto, para a divulgación dos valores da comarca, pero Feijoo di agora que non hai problema para ampliar as condicións da cesión e facer alí un hotel. Perante estoutro disparate a xente organízase nunha plataforma cidadá en defensa da fortaleza. Xa o monumento valería a mobilización, pero é que, ademais, o castelo de Monterrei é o berce do libro en Galicia, un lugar simbólico para



a nosa cultura impresa. Alí foi onde se imprimiu, en 1494, o Misal Auriense, un incunable do que só se conservan dous exemplares. Tamén é, claro, a primeira impresión de notación musical en Galicia. Hoxe o sentido común di o lugar onde se empezaron a piratear obras debería seguir sendo de todos. Pero a política da especulación non está para simbolismos deste teor.

A.Q.